



Recomendación dirixida á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para que atenda as denuncias presentadas por causa da construción dunha vía de comunicación que afecta ao xacemento arqueolóxico da Cova de Eirós, en Triacastela

Expediente: P.3.Q/63908/16

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2017

Sr. conselleiro:

Ante esta institución, fai case un ano compareceu solicitando a nosa intervención don [REDACTED], presentando unha queixa pola falta de resposta da administración ás denuncias presentadas ante a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

ANTECEDENTES

En data 1 de febreiro de 2016, foi formulada denuncia ante a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural por causa da construción dunha vía de comunicación sobre o entorno de protección do xacemento arqueolóxico da Cova de Eirós, en Triacastela (Lugo).

En data 2 de xuño de 2016, foi requirido á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural que se informase do estado de tramitación de dita denuncia e das accións emprendidas por causa da denuncia referida ao ter transcorrido máis de 2 meses sen que se tivera notificado desestimación e arquivo da mesma, e ter transcorrido mais de 3 meses sen que se tivera notificado o inicio de calquera expediente de reposición da legalidade, expediente sancionador, medidas cautelares, ou calquera outra acción en relación aos feitos denunciados.

En data 20 de xuño de 2016, mediante documento enviado como correo administrativo certificado, foi requirido á Directora Xeral de Patrimonio Cultural que se dera resposta á

denuncia referida, que se informase do estado de tramitación da mesma, e que se incoase expediente disciplinario aos funcionarios públicos responsables da inacción e demora

En data 5 de agosto de 2016, foi formulada denuncia ante a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural ante a destrución e ocultación por parte de [REDACTED] doutra cova nas proximidades da Cova de Eirós, ben patrimonial con alto potencial de ser tamén un importante ben arqueolóxico.

En data 7 de setembro de 2016, foi requirido á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural que informase do estado de tramitación da denuncia referida, así como das accións emprendidas dela derivadas.

A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural non atendeu nen deu resposta a ningunha destas accións nos prazos legalmente establecidos, non realizou absolutamente ningunha comunicación en relación a elas á persoa que as promoveu, nin cumpriu as obrigas mínimas de boa administración, o que leva consigo que a persoa que promoveu as denuncias se vexa compelida a instar continuamente unha resposta e unha información que a administración debería facilitar de xeito activo.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

Tras numerosos requirimentos por parte de esta institución, e de terselle formulado un recordatorio dos seus deberes legais, no mes de setembro de 2017 esa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria achega un lacónico informe como resposta ao recordatorio de deberes legais formulado neste expediente. O informe límtase a comunicar que con data do 26 de xullo de 2017, a unidade competente envioulle ao reclamante un escrito no que se lle deu resposta as súas denuncias sobre os movementos de terra e a apertura de pista na Cova de Eirós.

Porén, antes de recibir o informe da Consellería, o 14 de agosto de 2017 a persoa que promove este expediente achegou documentación complementaria á queixa, remitindo un escrito no que manifestaba a súa desconformidade co contido dese informe do día 26 de xullo polos seguintes motivos, que reproducimos literalmente:

PRIMEIRO.- Até esta notificación, nunca se me ten comunicado o estado de trámite das miñas denuncias, nen a existencia de ningún expediente informativo, e agora notifícase a existencia dun expediente informativo (VI-LC-078.14) no que se acumulan outros dous (VI-LU-103.14 e VI-LU-005.16).

Segundo se me ten informado meses atrás despois de me ser remitida información ambiental, logo de me ser proporcionada por causa da actuación da Sra. Valedora do Pobo ter requerido o seu envío despois de ter formulado a queixa que orixinou o expediente P.3.Q/63907/16, o expediente VI-LC-078.14 corresponde a unha denuncia formulada pola Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) en 09/10/2014 e unha denuncia da Garda Civil de 22/10/2014, o expediente VI-LU-103.14 corresponde a esas mesmas denuncias sendo o mesmo expediente do que o anterior pero mudando a nomenclatura na Xefatura Territorial, e só o expediente VI-LU-005.16 se corresponde coa miña denuncia de 01/02/2016.

En ningún momento se me informa da existencia dun expediente informativo ou da acumulación noutra a raíz da miña denuncia de 05/08/2016, onde os feitos denunciados son outros totalmente diferentes, así como a infracción/delito que pode corresponder con eles, e difidmente se podería acumular nos expedientes anteriores.

SEGUNDO.- Nunca me ten notificado calquera iniciación ou non iniciación dun procedemento sancionador.

Cumpre lembrar que no momento de formular ditas denuncias e dos requerimentos sobre o estado de tramitación efectuados en 2/06/2016, 20/06/2016 e 5/08/2016 estaba en vigor o Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, por el que se aprueba el Reglamento del Procedimiento para el Ejercicio de la Potestad Sancionadora que no seu artigo 11.2. dispón «...Cuando se haya presentado una denuncia, se deberá comunicar al denunciante la iniciación o no del procedimiento cuando la denuncia vaya acompañada de una solicitud de iniciación», disposición que se invocou en todos e cada un dos referidos requerimentos, tendo en conta que en ambas denuncias se solicitou expresamente a iniciación de procedemento sancionador. Neste momento, estando en vigor a Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, en virtude do artigo 62.3 tamén se me debería notificar a iniciación ou non iniciación dun procedemento sancionador, impedíndome exercer as accións oportunas en función diso.

Ou sexa, este Organismo mantén unhas «actuacións previas» eternas en forma de «expedientes informativos» eludindo non só a potestade sancionadora, senón exercitar

todas aquelas accións administrativas en base ás súas competencias para garantir a protección e conservación de bens patrimoniais.

Lembremos que na primeira das denuncias se denuncia a construción dunha vía de comunicación con grandes movementos de terras sobre o xacemento arqueolóxico da Cova de Eirós, e que, para mais escándalo, no DOG Núm. 83 do 2 de maio de 2017 publicouse 'Resolución do 10 de abril de 2017, da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, pola que se incoa o procedemento para declarar ben de interese cultural coa categoría de monumento a Cova de Eirós, sita no lugar de Cancelo, na parroquia de San Cristovo de Cancelo, no termo municipal de Triacastela (Lugo)' establecendo un réxime de protección e salvagarda provisional, polo que existe mais que abundante información para non precisar 3 anos (desde 2014 até o día de hoxe) para determinar se se construiu ou non unha pista sen autorización sobre dito xacemento. (...)

Na segunda das denuncias, o que se denuncia é a destrución e tentativa de ocultamento doutra cova nas proximidades da Cova de Eirós que tamén é susceptible de conter restos arqueolóxicos, e que se localiza tamén no contorno da declaración de BIC citada anteriormente, polo que sería necesaria unha rápida actuación para garantir súa protección. Unha inspección in situ para verificar os feitos denunciados é algo inmediato, e non ten explicación unha demora de máis de un ano, e que nen sequera se teña notificado a apertura de investigacións ou «expedientes informativos» relativos a esta denuncia.

TERCEIRO.- Na notificación recibida cítanse unha serie de actuacións xudiciais relativas ao procedemento ordinario 0000089/2015, que ademais de ser anteriores á presentación das denuncias, e de non ter nada que ver cos feitos denunciados, nen estar eu personado en dito procedemento, o mesmo corresponde a un recurso contencioso-administrativo contra a licenza urbanística da explotación mineira sobre a Cova de Eirós do cal se emitiu sentenza anulando a mesma en 31 de xullo de 2017, días despois de que a Subdirectora Xeral de Protección do Patrimonio Cultural escribira este texto. (...)

CUARTO.- Na notificación cítase o artigo 7 do Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, por el que se aprueba el Reglamento del Procedimiento para el Ejercicio de la Potestad Sancionadora, informando que se suspendeu o procedemento en base a el.

Dito artigo afecta aos procedementos sancionadores iniciados, o cal non é o caso, e precisamente un dos motivos da miña queixa que é a non iniciación, e resulta totalmente contradictorio co resto do texto, onde se manifesta reiteradamente que non

existen motivos para a súa iniciación, ao tempo que non se me ten comunicado a non iniciación e desestimación e arquivo das miñas denuncias.

Ademáis diso, un procedemento contencioso-administrativo non é un procedemento penal, versando dito artigo 7 das vinculacións coa orde xurisdiccional penal, e que aínda así, existe resolución xudicial do procedemento citado. Non obstante, como dita resolución anula un acto administrativo (outorgamento de licenza urbanística) non vincula á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural en ningún procedemento sancionador en materia de patrimonio cultural. A resposta recibida é unha auténtica tomadura de pelo.

QUINTO.- Tanto a Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia vixente no momento de formar as miñas denuncias, como a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, vixente neste momento, definen como infracción a realización dunha intervención nun ben inventariado (nen sequera é necesario que estexa catalogado ou conte coa declaración de BIC) sen a preceptiva autorización da Consellería de Cultura, como é o caso da construción dunha pista mineira sobre a Cova de Eirós con grandes movementos de terra sen a preceptiva autorización previa deste organismo, polo que existen sobrados motivos para exercer a potestade sancionadora por este motivo no relativo á miña primeira denuncia, independentemente de se existen ou non outras infraccións por causar danos a ese ben.

Con todo, a miña segunda denuncia, que se omite nesa resposta, denuncia non só danos, senón destrución dun ben patrimonial, independentemente de se está inventariado, catalogado, ou declarado BIC, pois lembremos que a Lei 8/1995 no seu artigo 24 dispón que «Tódolos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia gozarán das medidas de protección establecidas nesta leí».

Ademáis diso, no DOG do 2 de maio de 2017 publicouse Resolución do 10 de abril de 2017, da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, pola que se incoa o procedemento para declarar ben de interese cultural coa categoría de monumento a Cova de Eirós, sita no lugar de Canelo, na parroquia de San Cristovo de Canelo, no termo municipal de Triacaste/a (Lugo). Segundo dispón dita resolución, a incoación para declarar ben de interese cultural como monumento o xacemento arqueolóxico da Cova de Eirós determinará a aplicación inmediata, aínda que provisional, do réxime de protección previsto na presente lei para os bens xa declarados, ademáis dita resolución de incoación do expediente de BIC obriga á aplicación inmediata do réxime de protección e salvagarda provisinal que se define no anexo IV da referida resolución, polo que neste momento o réxime xurídico que afecta aos bens patrimoniais obxecto das denuncias formuladas no seu día é ben máis restrictivo, e cabe sinalar que non trascorreron os

prazos para a prescripción das infraccións denunciadas, polo que as «actuacións previas» deses procedementos deben ter en conta agora esta nova situación.

SIXTO.- Que asuntos como sistemas de control que deseñe unha empresa, proxectos de sistemas de monitorización, rexistros de vibracións de voaduras, protocolos de medidas de protección, alcances en materia sectorial de augas, ordenación do territorio ou dereitos de terceiros, cuestións que ocupan a metade da resposta recibida, non son motivos que xustifiquen a inacción nas denuncias que son o obxecto desta queixa.”

Á vista do sinalado polo Sr. ██████████, non cabe considerar convenientemente respostado o requerimento e, consecuentemente, cómpre requirir á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural desa Consellería unha resposta adecuada e acorde coas cuestións plantexadas na queixa e detalladamente descritas neste documento que acabamos de transcribir.

A persoa promotora da queixa considera que a inacción da administración ou a falta de dilixencia na adopción de medidas correctoras favorece a unha empresa privada que está infrinxindo a legalidade e en detrimento dos dereitos e intereses xerais da cidadanía, ao ser o patrimonio cultural un ben público que está sendo así destruído irreversiblemente, privándose do seu desfrute á cidadanía e ás futuras xeracións.

No escrito de queixa, o seu promotor subliña que corresponden á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, entre outras, as seguintes funcións: «[...] a) Protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia, así como a súa investigación e transmisión ás xeracións futuras. c) Xestión dos asuntos relacionados co réxime xurídico de protección do patrimonio cultural. [...] d) Tramitación e xestión dos procedementos para a declaración de ben de interese cultural e inclusión no catálogo e no inventario do patrimonio cultural. e) Promoción e xestión das actuacións arqueolóxicas relacionadas coas competencias da dirección xeral f) Emitir informe e resolver, de ser o caso, os procedementos que afecten o patrimonio cultural, conforme a normativa vixente». É polo tanto o órgano competente para actuar en relación aos feitos.

A lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, define claramente a actividade de inspección e o réxime sancionador que corresponde exercer á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e dentro da mesma, á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Anteriormente á entrada en vigor da mesma, na Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia tamén se definían eses mesmos aspectos outorgando a este órgano esa mesma potestade.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria as seguintes recomendacións:

-Que á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural exerza as súas funcións e atenda as denuncias presentadas no seu día, incoando e iniciando os expedientes e os procedementos que correspondan, así como todas aquelas medidas cautelares que sexan necesarias.

-Que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural informe inmediatamente ao promotor deste expediente de queixa sobre o estado de tramitación dos procedementos derivados das denuncias realizadas no seu día.

-Que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural resolva expresamente en forma e prazo todas e cada unha das solicitudes formuladas nos escritos presentados polo interesado.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Se non obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo